



**GALICIA
SAUDABLE**



CAMPEONATO DE FÚTBOL SALA 2022-23

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

IES RODEIRA - CANGAS



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

NORMATIVA CAMPIONATO DE FÚTBOL SALA IES RODEIRA 2017-2018

1. ORGANIZACIÓN

Categorías:

A. FEMININA

B. ESO masculino (mixto)

C. BACHARELATO E CICLOS masculino (mixto)

2. DESENVOLVEMENTO DO CAMPIONATO

1º Fase: Liga previa de categoría e grupo.

2ª Fase: Eliminatorias (desde 1/4 de final)

3ª Fase: Fase final do centro (os campións de cada categoría disputarán a final polo título do centro)

4ª Fase: Fase intercentros secundaria (Concello de Cangas)

3. EQUIPOS

Confeccionaranse **dentro de cada aula:** 1 porteiro, 4 xogadores de pista e ata 5 suplentes. Non se aceptarán equipos con menos de **7 xogadores**.

Para participar no campionato é necesario INSCRIBIRSE, e para eso haberá que resolver, no prazo establecido, os requisitos:

- Entregar a **“folla de inscrición”**, debidamente cuberta.
- Crear un **logo ou escudo do equipo**, dixitalizalo e envialo para subilo á web. O **Departamento de Ed. Plástica e Visual**, axudará nesta tarefa aos equipos que o desexen e dará o **“visto bó”** a todos os logos-escudos feitos.
- **Rexistrarse na web de xporty, e facerse seguidores do noso campionato, todos os xogadores participantes.** Recoméndase descargar a aplicación móbil **XPORTY** en “Google Play Store” ou “Apple Store”.
- Os equipos teñen que aportar unha fotografía tamaño carnet, dixitalizada e rotulada cós

nomes correspondentes, de todos e cada un dos xogadores, para crear as **orlas/plantillas de equipo**, que se subirán á web

- Cada equipo deberá proporcionar unha **dirección de correo electrónico** válida, para poder crear un grupo de contactos por categoría

Pode inscribirse máis dun equipo por aula.

Nas aulas donde non se consiga equipo pero exista alumnado disposto a participar, anotaránse igual na folla de inscrición, aínda que non cheguen o número mínimo para participar, e será o propio campeonato quén se encargará de buscar unha solución axeitada.

O alumno que figure como **“capitán”**, pasará a formar parte (como portavoz, do seu equipo) da Comisión de Competición, encargada de resolver tódalas cuestións que se produzan ao longo do torneo.

OS EQUIPOS VESTIRÁN “PETOS” NOS PARTIDOS, SALVO QUE TRAIAN UN EQUIPAMENTO, TODOS IGUAIS.

4. PARTIDOS

4.1. O acceso ao pavillón deportivo e a saída do mesmo, tanto para o público como para os xogadores dos equipos que van disputar o partido diario, farase sempre polas dúas portas de acceso desde o “aparcadoiro”.

4.2. As xornadas de partido disputaranse os **LUNS, MARTES, MÉRCORES, XOVES e VENRES.**

4.3. Duración: 30 minutos; 15’ no primeiro recreo, e 15’, no segundo.

4.4. Inicio dos partidos: aos 5’ de soar o timbre do recreo.

4.5. Fin dos mesmos: co timbre de fin de recreo.

4.6. Durante as eliminatorias, e en caso de empate, disputarse unha quenda de penaltis nos 5 últimos minutos da 2ª parte (3 lanzamentos por equipo). De persistir o empate, resolverase o partido “ao primeiro fallo”.

5. REQUISITOS IMPRESCINDIBLES PARA O INICIO E A CONTINUIDADE DO CAMPIONATO

5.1. O desenvolvemento do campionato non poderá afectar á asistencia puntual ás clases, por parte dos alumnos. Nin tampouco, interromper las sesións de E. Física no pavillón. Debedes ademáis colocar na corcheira da aula, no cadro mensual de tarefas do grupo, os días de partido/s, para evitar coincidencias con exames, actividades complementarias, etc. E estar atentos, para solucionalo sin ter que aprazar partidos.

5.2. O uso das papeleiras no pavillón, así como un comportamento correcto nas gradas. De non ser así, xogaremos partidos a “PORTA PECHADA”.

5.3. A XESTIÓN DE TODO O CAMPEONATO, ESTE CURSO 2022-23, SERÁ RESPONSABILIDADE DO ALUMNADO DOS 5 GRUPOS DE 1º DE BACHARELATO, SUPERVISADOS POLO DEPARTAMENTO DE E. FÍSICA

ORGANIZACIÓN:

- LUNS: BACH 1A

-MARTES: BACH 1B

MÉRCORES: BACH 1C

-XOVES: BACH 1D

-VENRES: BACH 1E

TAREFAS PARA CADA DÍA E CADA GRUPO:

A. TAREFAS ARBITRAIS (crear equipos de árbitros, que reúnan as condicións necesarias para resolver axeitadamente a difícil labor arbitral)

B. LABORES DE “DELEGADO/A DE MESA” (equipos de delegados de mesa para xestionar

actas e marcador dixital)

C. EQUIPO DE “REPORTEIROS GRÁFICOS” (fotógrafos/cámaras de vídeo, e as cuestións técnicas vinculadas)

D. EQUIPO DE “PERIODISTAS DEPORTIVOS” (redactores das “crónicas dos partidos” que iremos subindo á web. Disporán da colaboración e asesoramento dos Departamentos de Lingua castelá e Lingua galega, para a elaboración e corrección dos documentos)

E. EQUIPO DE CONTROL ESTATÍSTICO DO CAMPIONATO (calendarios, xestión de actas de partidos finalizados , resultados e anotacións... Requírense coñecementos, a nivel usuario, de informática)

F. EQUIPO DE CONTROL E SEGURIDADE DE PISTA E GRADAS (evitar a circulación do público pola pista e controlar que se faga pola escaleira e a parte superior da grada, evitar ubicación do público nos fondos da pista, controlar seguridade e limpeza nas gradas,...)

CANDO ESTAS CUESTIÓNS ORGANIZATIVAS SE RESOLVAN, DAREMOS INICIO Á NOVA EDICIÓN DO CAMPEONATO 2022-23.

6. PREMIOS

O IES Rodeira concederá premios en material escolar e/ou deportivo a:

- 1. Os equipos “campión” e “subcampión”, nas categorías, a disputar.*
- 2. Alumnado colaborador.*

FOLLA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS

CATEGORÍA:

NIVEL EDUCATIVO:

GRUPO-CLASE:

TITOR DO GRUPO:

E-MAIL DE CONTACTO DO EQUIPO:

XOGADORES

Asinado para autorización uso imaxe

1 (P)		
2		
3		
4		
5		
6		
7 *		
8		
9		
10 (C)		

PRAZO DE PRESENTACIÓN: ata

REGULAMENTO DE COMPETICIÓN

No campionato utilizaremos un **“regulamento adaptado”** do **“Regulamento Oficial da Liga Nacional de Fútbol Sala”**.

1. O tempo máximo para efectuar calquera “saque” será de 4 segundos. Tempo que será claramente contado polo árbitro, coa súa man no alto.
2. Saque de centro: efectuarase cós rivais fóra do círculo central.
- 3 Saque de banda: cos pes, co balón parado sobre a liña de banda, e os contrarios situados a unha distancia de 3 metros (5 PASOS). Non se poderá meter gol directamente.
4. Saque de esquina: cos pes, e poderase meter gol directamente. Contrarios situados a 3 metros.
5. Saque de portería: balón á man do porteiro. Non se pode marcar gol directamente, e considerase sacado, cando o balón sae da área. Adversarios fóra da área.
6. Faltas: serán todas directas. Barreiras a 3 metros. ***Dado que o campionato ten un indubidable significado educativo e que nel participarán alumn@s de moi diversas idades, o “xogo duro ou violento”, e as actitudes inapropiadas, serán sancionados severamente.***
7. Cesión ao porteiro:
 - 7.1- O porteiro non poderá tocar coas mans un balón que un compañeiro lle envíe cos pés. Poderá collelo coas mans se se lle envía con calquera outra parte do corpo; e como caso especial, poderá collelo cando a cesión sexa “non intencionada”.
 - 7.2- O porteiro non pode tocar coas mans un balón que un compañeiro lle pase directamente dun saque de banda.
8. Balón ao teito: será sancionado con saque de banda desde o punto máis próximo ao do impacto.
9. Penalti: desde a liña da área. A liña de xogadores, tras liña de puntos (9 m.)

10. Dobre penalti: tras acumulación de 3 faltas par parte dun equipo, en cada tempo, a 4ª falta, e sucesivas, executaranse como DP. Lanzándose, desde o punto de infracción, ou ben desde o punto de DP, situado a 10 m. da portaría (a elección do equipo). Os contrarios estarán ao longo dunha liña imaxinaria, a 5 m., por detrás do balón.

11. Número de cambios: libre. Pola zona de cambios propia; tan só se debe avisar ao delegado de mesa, e esperar a que o compañeiro substituído saia da pista.

12. Advertencias e amoestacións: debido á reiteración nas faltas, ao xogo duro, aos malos modos, ás protestas ao árbitro... Primeiro o árbitro procederá con advertencia verbal ao xogador/a. De persistir nesta actitude marcarase na acta do partido como amoestación, e o árbitro amosará tarxeta amarela. Se o xogador reincide, sacará tarxeta azul, o que supón unha exclusión de 2', tempo que o seu equipo xogará en inferioridade numérica. Pasado o mesmo poderá reincorporarse ao xogo.

13. Expulsión: mostrarase tarxeta vermella, por unha acción violenta, ou perigosa, para a integridade das persoas, ou por actitude claramente negativa no terreo de xogo. Neste último caso (actitude negativa) o xogador/a, previamente, debeu recibir xa o cartón amarelo, e o azul.

14. O porteiro pode actuar como un xogador mais, pero ten limitada a súa posesión de balón como xogador fóra da área, a 4" en campo propio; en campo contrario, non existe límite de posesión.

15. Darase por finalizado un partido, cando só queden 2 xogadores de pista por parte dun equipo.

16. Un partido soamente poderá ser “aprazado” (trasladado ao final da fase respectiva), cando as causas sexan perfectamente xustificables (exames, saídas extra escolares,...), e se presente unha nota explicativa firmada polo titor do grupo que o solicita, ou polo profesor implicado.

17. Cando un equipo non se presente a algún dos dous tempos do partido, ou o faga fóra de horario de inicio, darase por perdido (3-0) cada un dos períodos

FOLLA DE INSCRIPCIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NA XESTIÓN DO CAMPEONATO 2022-23

GRUPO DE BACHARELATO:

DÍA DE XESTIÓN:

DISTRIBUCIÓN DE TAREFAS:

A. TAREFAS ARBITRAÍS:

B. LABORES DE “DELEGACIÓN DE MESA”:

C. EQUIPO DE FOTO E VÍDEO:

D. EQUIPO DE “PERIODISTAS DEPORTIVOS”:

E. EQUIPO DE CONTROL ESTATÍSTICO DO CAMPIONATO:

F. EQUIPO DE CONTROL E SEGURIDADE DE PISTA E GRADAS:

****This work is licensed under the Creative Commons Attribution-NonCommercial-NoDerivatives 4.0 International License. To view a copy of this license, visit <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/> or send a letter to Creative Commons, PO Box 1866, Mountain View, CA 94042, USA.***

